

# EN GALEGO

# 24/7

Da minoración ao neofalantismo

GUÍA  
PRÁCTICA

*Bla bla gal*  
*Bla bla gal*  
*Bla bla gal*

Área de Normalización Lingüística  
Universidade de Vigo





# EN GALEGO 24/7

Da minoración ao neofalantismo

## GUÍA PRÁCTICA

**Fernando Ramallo**, Universidade de Vigo

**Estefanía Mosquera Castro**, IES de Pastoriza

**Martín Vázquez Fernández**, Universidade de Vigo

**Luis López Alonso**, Universidade de Vigo

Área de Normalización Lingüística  
Universidade de Vigo

© do texto, os autores/a


Edición: Universidade de Vigo, 2021

Deseño: Catro Ventos Editora

Impresión: Jadfel Artes Gráficas

ISBN: 978-84-123028-4-4

Depósito legal: VG 614-2020



# Índice

Limiar.....	5
Agradecementos.....	7
Introdución.....	9
<b>PRIMEIRA PARTE</b> O NEOFALANTISMO E A SOCIOLINGÜÍSTICA CRÍTICA NA GALICIA CONTEMPORÁNEA.....	11
<b>SEGUNDA PARTE</b> O NEOFALANTISMO E A DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA NO SISTEMA EDUCATIVO.....	16
<b>TERCEIRA PARTE</b> ACTIVIDADES DIDÁCTICAS.....	22
Glosario.....	37
Bibliografía.....	39

*Bla bla-gal*  
*Bla bla-gal*  
*Bla bla-gal*

## LIMIAR

De acordo cos seus estatutos, a Universidade de Vigo ten como un dos seus fins «contribuír ao progreso e ao benestar da sociedade mediante a produción, a transferencia e a aplicación do coñecemento e a proxección social da súa actividade, con especial atención á realidade de Galicia, á súa cultura e á súa lingua» (artigo 2.4).

Desde a Área de Normalización Lingüística, como a unidade de traballo encargada de promover e darlle soporte técnico ao proceso de extensión do uso da lingua galega no ámbito docente, investigador, administrativo e de servizos, acreditamos firmemente na necesidade de promover a divulgación científica en lingua galega, tanto pola súa achega á dignificación do idioma coma pola relevancia que ten no necesario proceso normalizador, dentro da propia institución e no conxunto da sociedade actual.

A ciencia, en tanto que contribución humana determinante para mellorar as condicións de vida das persoas, constitúe unha fiestra clave para as linguas minoradas. Todos os desvelos que implica a divulgación científica teñen como finalidade afondar no elo que a universidade establece coa sociedade, a quen se debe. Por iso, tamén é responsabilidade das científicas e científicos axudar a protexer o patrimonio inmaterial que supón unha lingua en situación de vulnerabilidade.

Con estas guías prácticas pretendemos achegarnos a ese fin, pois están pensadas e deseñadas para usalas nos centros de educación secundaria de Galicia. Asemade, desexamos que sirvan para divulgar algúns dos resultados da investigación levada a cabo na Universidade de Vigo, en diversos ámbitos e áreas de coñecemento.

Queremos agradecer a axuda que a Unidade de Cultura Científica da Universidade de Vigo nos proporcionou coas súas suxestións e ideas, alén da eficaz comunicación cos grupos de investigación da Universidade de Vigo. E este agradecemento non podemos máis que estendelo ás persoas que forman parte dos grupos cuxas guías presentamos nesta primeira achega. Sen o seu traballo, entusiasmo, dedicación e paciencia, este proxecto, que agardamos que teña continuidade nos próximos anos, non tería sentido.

Fernando Ramallo  
Director da Área de Normalización Lingüística  
Universidade de Vigo





## Agradecementos

A todos e todas as docentes que traballan diariamente a prol do galego e, en particular, ao profesorado de secundaria e bacharelato que revisou versións previas desta guía e que, coas súas achegas, contribuíu a melloralala.

A todas e todos os neofalantes que fixeron posíbel imaxinar, deseñar e elaborar este traballo.

E, sobre todo, ao estudantado de Galicia que está disposto a se converter en falante activo do idioma galego!



## INTRODUCCIÓN

A sociolingüística constitúe un saber fundamental en todo tipo de sociedades, especialmente polas repercusións políticas, económicas, culturais, sociais e lingüísticas que teñen as decisións sobre a intervención nas linguas no día a día das persoas. Este presuposto é certamente central nas sociedades en que a convivencia histórica de máis dunha lingua produciu desigualdades polo feito de falar unha ou outra(s), o que, en xeral, ten como principal consecuencia o abandono progresivo do idioma recoñecido como «lingua dominada» ou «lingua minorada».



A Galicia recente é un exemplo paradigmático deste tipo de sociedades e constitúe un referente para coñecer e analizar a evolución regresiva das variedades da lingua orixinaria deste espazo xeográfico, e outros adxacentes, desde hai máis de mil anos. En parte, pola histórica **mercantilización das linguas**, desde as orixes do proceso de **substitución lingüística**, especialmente importante a partir do século XIX e, aínda máis, no decorrer do século XX. En todo este tempo, a convivencia co castelán foi maiormente desigual, tanto no recoñecemento como no acceso aos recursos favorecedores da mobilidade social. Agora ben, este recoñecemento acadou un cambio significativo durante a derradeira etapa do século XX coa aprobación do Estatuto de autonomía de Galicia (1981) e a consecuente lexislación derivada de tal acontecemento, nomeadamente a vixente Lei de normalización lingüística (1983). O relevante é que non se produciu algo semellante no que atinxe á redistribución de recursos e capitais e, sobre todo, no que ten que ver coa paralización do citado proceso de substitución, aínda vixente naqueles espazos nos que o valor de uso do idioma se mantivo ao longo dos séculos.

Así, atopámonos na terceira década do século XXI nunha situación que disipou algunhas das dúbidas do pasado inmediato. Entre elas, a) o idioma está nun nivel de vulnerabilidade notorio cuxa superación non só é responsabilidade dos e das falantes, senón que ten unha dependencia real das políticas públicas, nomeadamente no eido educativo, mais non só; b) moitas das condicións nas que sobreviviu o idioma están superadas, pero outras continúan a reproducirse, especialmente na dimensión ideolóxica, como os **prexuízos lingüísticos**; c) as políticas educativas apenas serviron para aminorar o proceso de substitución lingüística, se ben contribuíron á introdución e extensión do estándar galego; e d) fai falta unha transformación radical das políticas públicas se, en verdade, queremos que as vindeiras xeracións continúen a falar o idioma propio de Galicia.

Neste contexto, cómpre facermos referencia a un novo suxeito político, aínda emerxente, na Galicia contemporánea. Referímonos ao **neofalante** e ás circunstancias que fan posíbel a súa aparición que, en non poucas ocasións, xorde como unha consciente reacción á ineficiencia de boa parte das vixentes políticas normalizadoras, así como á inacción dos axentes responsábeis da xestión do proceso de normalización lingüística.

Nesta guía referímonos ao neofalante como un suxeito que aprendeu a falar en castelán, que escoitou esta lingua maiormente na socialización primaria e que ao cabo dos anos, por circunstancias de moi diversa índole, acomete a radical transformación de facerse falante do galego, idioma aprendido por **transmisión lingüística** intraxeracional. Precisamente por esta transformación subxectiva de tan gran calado, estamos ante unha figura única e, probabelmente, irrepitíbel na historia futura da lingua galega.

Esta é a razón pola que o neofalante e o **neofalantismo** están sendo estudados desde puntos de vista diferentes e a súa aparición e evolución recente abriron debates e discusións que continúan na actualidade. Agora ben, apenas quedan dúbidas da súa relevancia no presente e, sobre todo, no futuro do idioma galego, con todos os matices que isto poida merecer. Nun país cuxos territorios galego-falantes están sumamente avellentados e sen apenas substitución demográfica garantida, as variedades tradicionais están moi comprometidas; todo isto fai pensar que na aprendizaxe e no uso do estándar por persoas que aprendemos a falar en castelán pode haber unha esperanza certa de manter esta lingua e a súa comunidade.

A ese suxeito e á súa relación co sistema educativo dedicamos esta guía práctica, cos obxectivos seguintes:

- ▶ Contribuír a mellorar o posicionamento e a praxe del derivada sobre a realidade sociolingüística de Galicia entre o alumnado da ESO e do bacharelato.
- ▶ Crear unha proposta didáctica na que predominen os aspectos prácticos e na que se convide o estudantado a poñer as súas propias experiencias e coñecementos sobre o neofalantismo e a súa relevancia no presente e no futuro do idioma.
- ▶ Profundar nos procesos sociolingüísticos que conviven na Galicia actual.

A guía estrutúrase en tres partes, ademais dun glosario e dunha sección de referencias. Na primeira parte, presentamos unha sucinta introdución ao neofalantismo desde a perspectiva dunha **sociolingüística crítica**, que dá sentido ao resto do traballo. Isto é, unha sociolingüística que axude a reflexionar sobre as linguas en sociedade dun xeito problematizador, coa finalidade de mobilizar as condicións para a plena igualdade no acceso a recursos, nos usos públicos etc., dito con outras palabras, para a plena normalidade das linguas socialmente minoritarias. Ou, dito con outras palabras, para acadar a súa desminoración.

Na segunda parte, afondamos no papel do ensino na formación desa sociolingüística política e, nomeadamente na súa capacitación para promover tanto a **muda** como a **conversión lingüística** entre neofalantes potenciais, maiormente entre o estudantado castelanfalante que ten un aceptábel dominio do galego oral e un posicionamento ideolóxico a favor do seu mantemento como lingua irrenunciábel na Galicia actual e futura.

A terceira parte recolle un conxunto de actividades para traballar principalmente desde as aulas da materia Lingua galega e literatura, pensadas coa finalidade de avanzar nesa conversión por parte do alumnado ou, cando menos, para axudar a reflexionar sobre as condicións e as posibilidades (e a responsabilidade para coas xeracións futuras) ás que todas e todos temos que contribuír para o mantemento do galego.

Agardamos que sexa unha ferramenta útil. En todo caso, ficamos coa esperanza de que sirva para axudar a promover o aumento de neofalantes en todos os centros educativos de Galicia.



# PRIMEIRA PARTE

## O NEOFALANTISMO E A SOCIOLINGÜÍSTICA CRÍTICA NA GALICIA CONTEMPORÁNEA

En termos demolingüísticos, a lingua galega continúa tendo unha presenza relevante en Galicia nas primeiras décadas do século XXI. Agora ben, se analizamos esta vitalidade na súa evolución nos últimos cen anos, a conclusión é moi preocupante, xa que en moitas zonas do territorio galego, nomeadamente nas cidades e na súa contorna, o seu uso é minoritario respecto do castelán, idioma co que comparte oficialidade en Galicia desde hai corenta anos. Ademais, estamos diante dunha lingua minorada, isto é, legalmente enfraquecida, socialmente —aínda— estigmatizada e cun uso residual en moitas esferas da cotiandade para boa parte da sociedade. Todo isto ten como principal consecuencia que o seu valor de uso estea retrocedendo significativamente, mesmo nos lugares nos que se mantivo intacta desde as súas orixes como lingua romance.

Ao mesmo tempo, o galego como lingua presenta unha situación moi similar con comunidades lingüísticas de tamaño medio (v.g. danés, checo, finés ou catalán), caracterizadas, entre outros aspectos, por teren máis dun millón de falantes e un alto grao de institucionalización. Todo isto cunha pexa no caso galego: a transmisión interxeracional está moi comprometida.

E, a pesar da aparente imaxe de unidade que pode dar a descrición actual da lingua, a diversidade dentro do que chamamos «falantes de galego» é evidente, non só pola variación intrínseca a toda lingua, que inclúe diversidade espaciais, sociais e conxunturais, senón tamén porque a socialización e a relación coa lingua destes falantes foi diversa debido aos cambios sociopolíticos do último século.

Unha das cuestións que cómpre ter en conta para entender a situación sociolingüística actual do galego é o status do idioma baixo a ditadura franquista. Ademais da prohibición do galego como lingua pública, a escola funcionou como un verdadeiro aparello ideolóxico onde se consagrou o castelán como única lingua lexítima. A represión lingüística sufrida dentro e fóra das aulas condicionou fortemente moitas das ideoloxías e das prácticas que hoxe se constatan non só entre as persoas que falan castelán senón tamén nas que falan galego. Foi unha ensinanza que lle tocou vivir a unha xeración que se socializaría plenamente nunha ditadura pero que tería a súa descendencia nun contexto ben diferente: unha democracia liberal equiparábel ás europeas.



O establecemento desta democracia posibilitou o recoñecemento das linguas marxinaadas pola ditadura dando lugar aos procesos de normalización lingüística en boa parte do Estado español. Así, Galicia articulou unha serie de institucións arredor da lingua, moitas ligadas ás necesidades da nova estrutura autonómica, que posibilitaron que o coñecemento do galego estivese ligado a certos capitais simbólicos e económicos. Non obstante, a esta altura, moitas familias desenvolveron prácticas de reprodución do castelán por entender que esta era a lingua máis axeitada para o progreso social, unha estratexia que non consideraba as novas condicións sociopolíticas e que se nutría da experiencia da represión e desvalorización lingüísticas do período franquista.

A ruptura da transmisión do idioma, parámetro recorrente para a valoración da saúde lingüística, adoita establecerse de forma máis profunda na segunda metade do pasado século. Deste xeito, a normalización lingüística en Galicia deuse, de forma paradoxal, parella a esta intensa ruptura da transmisión familiar da lingua galega, un proceso que corenta anos de políticas públicas non foron quen de reverter. Porén, parte de Galicia seguiu conservando unha **ecolingüística** allea ás dinámicas marcadamente substitutivas que acontecían nas cidades e nas súas contornas, aínda que, pouco a pouco, o proceso de substitución foi tamén espallándose aos devanditos espazos de reprodución lingüística.

Neste contexto, a mocidade galega, como outros procesos de intervención social, configurouse como un axente —pretendidamente— privilexiado pola política lingüística en Galicia. Exemplo disto son as lexislacións educativas que, sobre o papel, se enfocaron, con ritmos e intensidades ben diferentes ao longo dos últimos corenta anos, en deseñar unha estrutura educativa que contemplase non só o ensino do galego senón tamén a súa imprescindible promoción social. Certamente, o ensino foi un dos ámbitos privilexiados da política lingüística. Con mellor ou peor resultado, isto condicionou sociolingüísticamente parte das primeiras xeracións da democracia, formalmente bilingües, pais e nais da mocidade actual.

Como ámbito privilexiado, o sistema educativo contribuíu a que toda a poboación galega menor de 45 anos falante de castelán tivese un contacto formal e funcional, máis ou menos intenso, co idioma galego. En gran medida, podemos confirmar que iso posibilitou que se desen e mobilizasen as condicións para algunhas persoas convertérense en neofalantes de galego, isto é, en individuos castelanfalantes que deciden facerse falantes activos, dominantes ou mesmo exclusivos da lingua minorada, nun exemplo magnífico da reivindicación do valor de uso deste idioma no século XXI.

*Bla bla-gal*  
*Bla bla-gal*  
*Bla bla-gal*



**GAL**



Porén, esta conversión é aínda un proceso minoritario. De feito, a intervención política no ensino non tivo as consecuencias desexadas e a mocidade galega mantén un afastamento notábel respecto dos usos activos da lingua galega, non só en contextos urbanos, senón tamén, cada vez máis, en vilas medias e pequenas. Trátase dun indicador notorio do conflito lingüístico existente en Galicia, as máis das veces mergullado, precisamente, en discursos consensualistas destinados a disciplinar os axentes sociais, unha substitución que xa non pode ser atendida exclusivamente desde o paradigma da transmisión familiar do galego. Xa que logo, malia a mocidade ser o grupo social que declara unhas actitudes máis favorábeis cara á lingua galega, así como unhas adecuadas competencias lingüísticas, nomeadamente as receptivas, é o que menos a usa na actualidade. O que está a acontecer para que se produza este aparente paradoxo?

Quizais, un dos mecanismos de control homoxeneizador máis efectivos do capitalismo actual para perpetuar a actual orde sociolingüística sexa non recoñecer ou dificultar a capacidade propia de reflexión e actuación á mocidade. Deste xeito, calquera posibilidade de concienciación, de crítica ou de emancipación ficaría aletargada —no mellor dos casos— ou anulada porque, segundo estas prácticas ideolóxicas homoxeneizadoras, a xente nova aínda non sería quen de amosar madurez ou capacidade de produción social. Isto é o que acontece na política lingüística vixente.

Así, baixo este tipo de discurso, a reprodución social sen posibilidade de cambio está en boa medida lexitimada para a mocidade, mantendo o seu enorme potencial de produción social nunha situación de submisión acrítica. En consecuencia, a concienciación sociolingüística que se debería adquirir no paso da infancia á madurez, isto é, a centralidade política da linguaxe, non se promovería sen reservas no ensino e só se manifestaría, xa que logo, unha reprodución da substitución lingüística actual, fronte á que cómpre entender o neofalantismo como unha conversión lingüística esperanzadora e necesaria na que o ámbito do ensino secundario (e da universidade) tivo e mantén un rol determinante.

Por se ese discurso non fose suficiente, cómpre lembrarmos que as condicións estruturais e materiais de socialización da mocidade galega actual seguen a ser predominantemente castelanizantes (lexislación lingüística, referentes sociais, medios de comunicación, ámbito escolar, comercial, empresarial etc.), mesmo, con frecuencia, naqueles lugares máis galegofalantes. Desenvólvense coa complicidade involuntaria da reprodución social e mais dunha concienciación lingüística pasiva, ás veces, ou de signo contrario á normalización do galego, noutras. Estas circunstancias desfavorecedoras para o uso do idioma por parte da mocidade esixen, polo tanto, que o neofalantismo se posibilite por medio da concienciación lingüística que só unha adolescencia activa é capaz de asumir.

De feito, o neofalantismo, como acontecemento sociopolítico cun suxeito de seu, foi quen de achegar mecanismos e praxes de normalización conscientes e consecuentes con esta situación de inxustiza, sen que isto desbotase necesariamente unha idéntica acción de resistencia lingüística das e dos falantes de galego. Para iso requiriuse que os individuos devidos a suxeito social (ou neofalantes) adquirisen previamente unha certa capacitación sociolingüística; isto é, os saberes cos que coñeceren, recoñeceren e asumiren consecuentemente as serias problemáticas éticas, sociais, económicas, políticas etc. que a práctica lingüística na Galicia pode levar consigo de xeito inseparábel, directa ou indirectamente.

Malia que as dinámicas sociolingüísticas están en permanente movemento, o poder, mediante os seus mecanismos de control, idealiza e materializa ideoloxicamente unha orde sociolingüística que se converte en (case) hexemónica pola súa asunción «natural» entre a poboación. Atinxe de modo semellante tanto ás formacións discursivas como aos usos lingüísticos cotiáns. Así, a substitución do galego polo castelán continúa o seu andar. Por iso, se cadra, agora máis que nunca, o uso do galego en sociedade ten que superar o recoñecemento, ben asumido pola poboación, e camiñar cara á súa normalización lingüística real. Isto, alén dunha redistribución global dos recursos, supón dar un paso máis na política lingüística e, xunto ao status, corpus e adquisición, cómpre activar unha planificación ideolóxica que fortaleza as posibilidades de conversión lingüística no suxeito neofalante potencial.

É un feito que sen capacitación sociolingüística non hai concienciación lingüística ou (pre)neofalantismo, o que impide, por tanto, a conversión lingüística. Para acadar esta capacitación resulta necesario aproveitar todos os recursos que fornece o ámbito educativo. Se cadra no ensino secundario a súa relevancia é aínda maior porque na adolescencia é onde debería agromar unha mancha de mecanismos orientados a facer das mozas e dos mozos suxeitos emancipados e responsábeis conscientemente das súas decisións, cara ao seu interior como persoas e cara ao resto da comunidade social. A promoción docente do *pre-* e do neofalantismo resultan hoxe en día as máis fértils ferramentas que o ensino posúe para acadar isto. Tan só hai que poñelas en práctica.

A lexitimación desta praxe docente xorde da responsabilidade social e ética de exercer unha docencia produtora de posibilidades de cambio, igualdade, equidade e mellora social do alumnado e, en consecuencia, da súa contorna, da súa comunidade. O ensino neste contexto segue coa obriga orixinaria de se autorizar como axente de acción e de cambio, e de obrar consecuentemente, falando de forma directa ás persoas que está a educar para capacitalas sociolingüísticamente e para lles permitir a súa posterior emancipación, individual e colectiva. Noutras palabras, o ensino debe lexitimarse a si mesmo e dicir «xa está ben». Nesta acción, a docencia política das linguas

*Blabla-gal*  
*Blabla-gal*







en Galicia desenvólvese máis alá de amosar unicamente a realidade actual. As súas posibilidades nestas alturas do século XXI pasan, entre outras cuestións, por fomentar, promover e activar o neofalantismo como resposta a esa orde sociolingüística. A súa capacidade de intervención en favor das linguas e da normalización está recoñecida legalmente, para alén da docencia propia do galego, polo que unha praxe máis activa e contestataria é unha acción agardada neste ámbito que non debe ser desbotada. É un xeito de achegar á mocidade mecanismos que lle permitan poder escoller por si mesma e non só reproducir unha homoxeneidade que impide a súa capacidade de xerar cambio social.

En síntese, a empobrecedora situación sociolingüística que se está a reproducir e a estender na Galicia actual non esixe mártires nin profetas, interpela ideoloxicamente as praxes docentes (e discentes) responsábeis coa diversidade lingüística e, sobre todo, éticas; interpela tamén con urxencia a concienciación lingüística da sociedade, especialmente das persoas máis mozas, na súa lingua de uso. Nestas angueiras é onde entendemos que se debe centrar boa parte dos esforzos do ensino nos vindeiros anos: facilitar á mocidade o seu devir a suxeito sociolingüístico emancipado, isto é, en moitos casos, promover a concienciación que favoreza a posíbel conversión lingüística, o neofalantismo e as súas consecuencias desexadas. Entre elas, activar toda a repercusión na súa contorna como axente activo de cambio; fornecer ferramentas persoais e colectivas emancipadoras á súa comunidade; lexitimar a súa propia voz como suxeito político e social nunha orde sociolingüística que a pretende minorar constantemente; poder contribuír, en definitiva, ao desenvolvemento dunha sociedade emancipada.

## SEGUNDA PARTE

# O NEOFALANTISMO E A DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA


No contexto sociolingüístico descrito para Galicia, resulta sorprendente que, até este momento, a reflexión sobre o neofalantismo concedese unha escasa atención á perspectiva educativa, cando menos nas etapas preuniversitarias, e, asemade, que os axentes educativos non visen no neofalantismo un espazo propicio para a dinamización lingüística. O sistema educativo e, máis concretamente, as e os docentes constitúen na actualidade un axente capital para a normalización dunha lingua minorada como a galega, dado que a súa promoción neste ámbito produce beneficios tanto na súa vitalidade como na súa visibilidade.

E esta función normalizadora vira prioritaria nun momento en que, para alén da quebra da transmisión interxeracional xa sinalada, se detecta tamén a preferencia polo castelán nos usos lingüísticos maioritarios entre a mocidade, mesmo naqueles casos en que se mantén a transmisión. Isto evidencia dúas cuestións fundamentais: a primeira, que a existencia deste proceso xa non é garantía de permanencia do galego como primeira lingua; a segunda, que nas últimas décadas a aprendizaxe formal supón xa a principal vía de acceso á competencia en lingua galega para as novas xeracións.

Esta radiografía converte o profesorado de lingua galega, e especialmente o do ensino secundario, en mediador no proceso de conversión lingüística, pois favorece as condicións necesarias para que esta chegue a producirse, nun contexto que, simultaneamente, actúa como un dos principais óbices para o mantemento da lingua.

Así, a pesar de que a incorporación da lingua galega ao sistema educativo contribuíu substancialmente para mellorar a súa consideración social e a competencia lingüística dos galegos e das galegas, favorecendo a aparición de neofalantes potenciais, na actualidade o marco legislativo que regula o uso das linguas inhibe ou, cando menos, dificulta tanto a conversión como o mantemento.





Trátase de obstáculos que afectan a planificación do status e a do corpus, e que impiden que na actualidade se poidan garantir os principais mandatos enunciados pola Lei de normalización lingüística (1983) en materia educativa hai case corenta anos: promover o uso progresivo do galego no ensino (art. 13.2), alcanzar unha competencia equiparábel nas dúas linguas (art. 14.3) e garantir a progresiva normalización do galego no sistema educativo (art. 17.2).

Por unha parte, a promoción do uso do galego resulta complexa cando as medidas do vixente Decreto 79/2010, que regula o uso das linguas no sistema educativo non-universitario, non parten da realidade sociolingüística galega, mais dunha capciosa igualdade que anula calquera intento de discriminación positiva; en consecuencia, pon en perigo a sobrevivencia da lingua minorada, ao desequilibrar aínda máis a balanza en favor do castelán e ocultar que toda política normalizadora ten que selo para a lingua que a precisa. Por outra parte, varias das medidas —en teoría normalizadoras— que figuran no decreto, lonxe de eliminaren os prexuízos que asocian o galego ao atraso —aínda vixentes entre parte da mocidade—, contribúen para a súa consolidación e reforzan o desequilibrio social que xa existe entre ambas as linguas. Neste punto podemos destacar, por exemplo, a desaparición do galego como lingua vehicular das materias do ámbito científico e tecnolóxico.

De igual modo, no que respecta ás cuestións estritamente competenciales, resultan significativos —aínda os analizando coas debidas cautelas— os datos que achega o IGE en 2019, segundo os cales é precisamente entre as persoas menores de 15 anos en que é a escola —e non a familia— a principal vía de aprendizaxe da lingua, onde se advirten os resultados máis negativos con respecto ao coñecemento da lingua. E esta involución podería acelerarse aínda máis se combinamos a falta de masa social galegofalante entre as persoas máis novas e urbanitas e o resultado de aplicar o decreto: así, nun contexto en que predomina como primeira lingua o castelán, estas medidas non favorecen que o sistema educativo sexa capaz de garantir a adquisición da competencia esperábel en lingua galega por parte das novas xeracións.

Con todo, cremos de forma vehemente que o sistema educativo —do que formamos parte— constitúe unha peza clave para garantir o futuro da lingua galega e que debe deixar de ser un contorno inhibitorio para se converter no que sempre debeu ser, isto é, un contexto facilitador, non só para que o alumnado que inicia os seus estudos sendo galegofalante manteña o seu idioma, mais tamén para mobilizar as condicións que favorezan a emerxencia de neofalantes.





E é neste punto onde a función do docente de lingua galega cobra vital relevancia. Reparemos en que, nun contorno urbano ou semiurbano —e cada vez máis tamén nos vilagos e rurais—, as medidas fixadas no Decreto 79/2010 poden provocar que, na maioría dos casos, o contacto co galego se limite única e exclusivamente á materia de Lingua galega e literatura, entendendo como tal contacto aquel que permita desenvolver no alumnado aptitudes, destrezas e/ou habilidades que vaian máis alá da escoita pasiva nesta lingua. Así pois, como docentes de lingua temos a responsabilidade de crear un marco idóneo que nos permita realizar dinámicas que ofrezan ao alumnado a posibilidade de superar as barreiras ideolóxicas e competenciais que lle impiden converterse en falantes activos da lingua.

E a orde de tales obstáculos —ideolóxicos e competenciais— non é arbitraria, pois partimos da convicción de que as aulas de galego deben establecerse, ante todo, como espazos de activación da concienciación lingüística, como espazos mobilizadores de activismo lingüístico; así, para alén de impartir contidos lingüísticos e traballar na consecución das destrezas comunicativas das alumnas e dos alumnos, cremos que aquelas deben ser, fundamentalmente, un lugar de reflexión compartido, un espazo de diálogo en que se reflexione sobre os usos sociais das linguas, os prexuízos lingüísticos e socioculturais sobre as linguas e os seus falantes, e onde se fomenten actitudes críticas ante os usos da linguaxe. É a nosa tarefa como docentes optar por unha educación lingüística comprometida e conseguir que os nosos alumnos e as nosas alumnas, en especial se son castelanfalantes, empaticen coa realidade do galego desde a posición que lles ofrece a súa condición de falantes dunha lingua maioritaria e sintan a necesidade e a conveniencia de experimentaren outras condicións.

Desde a nosa perspectiva, a educación lingüística debe estar ao servizo dunha ecoloxía das linguas que defenda a biodiversidade lingüística, fronte a aqueles que predicán a supremacía dalgunhas linguas e mesmo a inutilidade ou o escaso valor doutras. Con base nestes principios, o neofalantismo vira unha cuestión de xustiza social e permite, simultaneamente, afrontar as relacións entre a defensa da lingua galega —en calidade de idioma subordinado— e outras causas xustas como o feminismo, ou o xa citado ecoloxismo, todos eles *ismos* con que o alumnado adoita estar máis familiarizado e, en liñas xerais, máis comprometido.

É obvio que dar aulas con este enfoque non garante *a priori* mellores resultados, mais explorar as relacións e os puntos de converxencia entre a promoción do galego e estes movementos adoita favorecer unha maior empatía por parte do alumnado, en tanto que o apela a cuestionar as súas prácticas lingüísticas, igual que cuestionou previamente o seu rol en relación coa violencia machista ou o acoso escolar, por exemplo. E o cuestionamento con frecuencia vai acompañado de posicionamento: así, queremos pensar que ningún/ha estudante quere que o galego morra, mais son poucos os que asumen o reto de o evitar. Formulado desde esta óptica, créase o contexto idóneo para que se poidan superar as barreiras ideolóxicas que impiden en moitos casos entender a defensa do galego nestes termos, e para que as persoas — neste caso, o alumnado— reaccionen e actúen en consecuencia. E o maior compromiso que unha persoa pode realizar para evitar a **minoración** dunha lingua é converterse en falante activo dela.

Por tanto, converter as aulas en espazos prioritarios de reflexión sociolingüística e fomentar unha aprendizaxe atractiva —en tanto que supón un reto ou un desafío problematizador— pode contribuír tamén para que esta perdure e se proxecte fóra das paredes escolares. Como sinala un proverbio africano, *para educar un individuo, fai falta unha tribo*, mais a nosa experiencia demostra que estimular o compromiso e a crítica nos individuos é unha práctica cunha potencialidade certamente transformadora, o que tamén contribúe para facer tribo. Repárese en que o neofalantismo é un proceso mobilizador que actúa a nivel individual, mais sobre todo no colectivo social onde se exerce a súa posta en práctica, o que potencialmente podería converterse nun dos eixos centrais na revitalización da lingua. Só así será posíbel mudar *de facto* a realidade sociolingüística que nos rodea. E este é un dos obxectivos máis ambiciosos que se perseguen nesta guía, crear conciencia de tribo arredor da lingua, facerlle ver ao noso alumnado que o futuro do galego está nas mans de quen aínda non o fala, mais podería, isto é, dos neofalantes potenciais.

Mudar a perspectiva e con ela os obxectivos fundamentais na docencia da lingua galega constitúen os cambios metodolóxicos e didácticos máis urxentes para tal fin, o que afecta todos os niveis educativos, mais especialmente o ensino secundario, pois é a partir de aquí que as e os docentes contan co compromiso lingüístico e a especialización filolóxica necesaria para acometer esta tarefa coas maiores e mellores garantías de éxito. Resulta imprescindible que, cando menos nesta materia, se continúen e, na medida do posíbel, se reforcen as actividades que valoricen unha sociolingüística crítica que permita que o alumnado obteña unha capacidade e unha competencia comunicativa suficiente que garantan no caso prioritario dos castelanfalantes o seu dereito, se o quixeren exercer, de se converteren en falantes activos e comprometidos coa lingua galega.

A situación sociopolítica da lingua galega esixe esta transformación. Reparemos en que, nas circunstancias sinaladas, o monopolio de metodoloxías tradicionalistas no ensino-aprendizaxe do galego resulta certamente alarmante, pois só no caso do castelán a prevalencia extraescolar desta lingua garante que, ben como L1 ou L2, se domine de forma satisfactoria tamén desde unha perspectiva funcional.



Trátase, concretamente, dunha mudanza nas expectativas que se pretenden conseguir do proceso de ensino-aprendizaxe; o obxectivo primario, en consecuencia, non debe ser a formación de gramáticos en potencia, mais fundamentalmente de falantes, aínda a sermos conscientes de que o coñecemento da gramática tamén é básico para esta finalidade.

Xa que logo, resulta imprescindíbel naturalizar o que para outras linguas non se cuestiona, isto é, os neofalantes e tamén o feito de estes non teren unha capacidade innata e extraordinaria que lles permita pasar de non falar unha lingua a expresarse nela con grande habilidade sen un interludio en que esta se fale máis ou menos mal. Desde esta perspectiva, o erro constitúe un sinal de vitalidade da lingua, o que non debemos interpretar como unha alegación ao activismo non-planificado e á renuncia rotunda a traballar co código. O cambio de enfoque non constitúe un rexeitamento acrítico aos saberes gramaticais, senón unha redistribución destes.

Reflexionemos sobre o seguinte: no sistema educativo galego existen desde a Educación Primaria tres materias lingüísticas —galego, castelán e un idioma estranxeiro— con opción en secundaria a unha cuarta. O alumnado é o mesmo e o tipo de aprendizaxe é en gran parte común a todas elas, mais as clases de cada idioma adoitan constituír compartimentos estancos, como se se tratase da única lingua presente no currículo; un currículo, por outro lado, inoperativo desde unha perspectiva normalizadora, pois a súa densidade constitúe para os e as docentes unha carreira contra o reloxo curso tras curso, máis centrada na avaliación de contidos que en planificar accións ou prácticas que favorezan a transmisión da lingua e que creen as condicións necesarias cara ao (pre)neofalantismo.

E se ben o Decreto 105/2014 para a Educación Primaria e o Decreto 86/2015 para a Educación Secundaria amparan un cambio metodolóxico que permita a superación desta concepción do **plurilingüismo** como suma de monolingüismos, o certo é que estas premisas foron en moitos casos entendidas de forma restritiva e de modo desfavorábel para a lingua minorada: así, como os currículos presentan certos contidos comúns e unha distribución similar en todos os cursos, en ocasións estes só son abordados e practicados nunha das materias, ignorando as características propias da outra lingua.

Nesta liña, máis alá das indicacións curriculares, nas aulas de Lingua galega e literatura, a práctica docente privilexiou contidos literarios, sociolingüísticos e algúns de carácter gramatical, por diferiren en maior medida dos seus equivalentes na programación da Lingua castelá. Trátase, en calquera dos casos apuntados, dunha aprendizaxe que, do noso punto de vista, parte dun enfoque erróneo: así, o ensino-aprendizaxe dos contidos sociolingüísticos está máis centrado nos vínculos afectivos, como a emoción, a compaixón e o proteccionismo (tamén necesarios), que na concienciación sociolingüística do alumnado.

A necesidade dunha transformación metodolóxica é, por tanto, apremante. E non se trata dunha proposta innovadora en sentido estrito, senón máis adecuada para a aprendizaxe dunha lingua que xa non é o idioma vehicular da maioría dos galegos e das galegas, especialmente entre a mocidade.





De pouco serve termos un corpus fixado e utilizado dun xeito restrictivo na docencia ou noutros ámbitos xa ritualizados se carecemos de persoas coa motivación necesaria para o falar e para o transmitir, como de nada serve sermos conscientes do cambio climático e do seu impacto medioambiental se os nosos actos non contribúen para o atenuar. Así pois, se estamos convencidos da defensa irrenunciábel do galego, non podemos limitarnos a reclamar ese dereito para nós, aínda que tamén fose lexítimo. O noso rol como docentes obríganos ademais —cando menos do punto de vista ético— a discutir de forma problemática sobre os **dereitos lingüísticos** das persoas castelanfalantes que aínda non son conscientes deles.

Achamos que é, máis que nunca, o momento de que as aulas de lingua sexan un espazo de emancipación, un lugar para a subversión, acicate dun compromiso activo cara ao galego; e neste marco, vulgamos que promover o neofalantismo, entendido como unha forma de acción, pode e debe converterse nun aliado e quizais no máis necesario, dado o seu potencial revulsivo, non só do punto de vista educativo mais tamén social, pois é o único capaz de derrubar os muros escolares e debuxar unha verdadeira aula sen paredes. Mudaron os tempos e deben mudar as vontades: xa non é a norma (que se fale ben ou mal o galego) o que está en xogo no 2021, é que existan persoas que falen esa norma (mellor ou peor) pero que a falen dun xeito natural, isto é, en sentido lato, normalizado. Para que isto aconteza non abonda co uso das e dos galegofalantes; é preciso mobilizar tamén aquelas outras persoas que amosan unha actitude positiva cara ao idioma malia non o usaren nunca ou case nunca, especialmente aquelas que representan con maior vigor o futuro, isto é, a mocidade.

Unha aproximación deste tipo nas aulas de lingua, para alén do factor motivacional, ofrécelle ao alumnado outros espazos en que adquirir, reforzar ou mellorar a súa competencia comunicativa, aceptando unicamente como norma tácita o uso do galego para debater, comentar ou reflexionar. Como dixemos, trátase dun enfoque que promove unha —necesaria— transformación metodolóxica na didáctica da lingua, que coloca no centro a participación e a reflexión, que fomenta unha aprendizaxe efectiva da lingua, e que ofrece un novo marco que transcende o espazo físico e temporal das aulas e que nos permitirá conectar o currículo académico coa súa aprendizaxe informal; fagámola visíbel e experimentemos —con curiosidade e sen prexuízos— as súas posibilidades didácticas.

# TERCEIRA PARTE

## ACTIVIDADES DIDÁCTICAS

A continuación, presentamos un plan de actividades orientado ao alumnado e estruturado en tres apartados. O primeiro bloque (actividades 1-5) está deseñado para traballar a concienciación sociolingüística; o segundo (actividades 6-9) céntrase na activación do alumnado para acometer procesos de transformación lingüística, especialmente no que atinxe á súa praxe lingüística, promovendo desde procesos de muda lingüística contextuais até procesos radicais de conversión lingüística; por último, no terceiro (actividades 10-12) abrangue prácticas destinadas a construír espazos en lingua galega e pensadas, sobre todo, para os contextos cunha menor presenza do idioma. Este último bloque de actividades está deseñado para ser iniciado nas aulas e continuar fóra delas. Por este motivo, o seu desenvolvemento e seguimento é compatíbel co traballo dos equipos de dinamización lingüística de cada centro.

Todas as actividades aquí formuladas están pensadas como exemplos que o profesorado pode, se así o considera, adecuar a cadansúa realidade sociolingüística e escolar. A modificación ou creación de novas actividades está contemplada na última delas. Para este fin, convidamos a que o profesorado (re)elabore, deseñe e difunda novas actividades a través dos espazos virtuais dos centros co fin de compartir e enriquecer as experiencias didácticas arredor da dinamización do suxeito neofalante.

### ACTIVIDADE 1. POR QUE ESTAMOS COMO ESTAMOS?

<b>Introdución</b>	<p>A minoración lingüística tivo e ten aínda graves consecuencias sociais, económicas ou laborais, entre outras, para a comunidade de falantes dunha lingua socialmente minoritaria e, ademais, relevantes consecuencias emocionais, psicolóxicas, comunicativas, de interacción social etc.</p> <p>Moitas veces, esta represión tivo como consecuencias máis significativas tanto o abandono e o rexeitamento da lingua, como a imposibilidade de iniciar un proceso de conversión lingüística (neofalantismo) ou de non desexar mantelo no tempo.</p>
<b>Tarefa</b>	<p>Representar as condicións materiais nas que tivo lugar o proceso de estigmatización e minoración lingüística que se produciu durante a ditadura franquista.</p>
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Visibilizar, reflexionar e debater a existencia da inxustiza tras a homoxenización e da minoración lingüísticas.</li><li>• Coñecer o pasado histórico recente da situación social da lingua galega dun xeito racional, materialista e crítico, mais tamén emocional e afectivo.</li><li>• Promover a concienciación sociolingüística entre o alumnado.</li></ul>
<b>Curso</b>	<p>ESO.</p>



<p><b>Etapas</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• A/o docente entregará individual e aleatoriamente unhas tarxetas (vales exclusivos de compra) a un 75 % do alumnado. En cada un destes vales estará escrito, por exemplo, <i>VALE POR 3 MESES DE SERIES EN LIÑA</i>, nalgunha destas tres linguas: galego, castelán, inglés. De haber na aula alumnado que posúa calquera outra lingua non-oficial ou de signos, deberá haber tamén unha tarxeta escrita nese idioma. O contido destes vales non poderá ser compartido con ninguén, é secreto e exclusivo de cadaquén.</li> <li>• O 25 % restante do alumnado será colaborador da/do docente e recibirá un cuño ou selo, un rotulador ou calquera aparello para autorizar (visar) os vales.</li> <li>• A/o docente disporá o alumnado con tarxeta nunha fileira e o alumnado colaborador ao seu carón.</li> <li>• A/o docente explicarlle á aula que para acadar aquilo que está escrito en cadansúas tarxetas deberán facer cola e esperar que sexan autorizados/as por ela/el e as/os seus colaboradores.</li> <li>• As persoas con tarxeta deberán ir pasando diante da mesa co obxectivo de que o seu vale sexa autorizado ou non. As/os colaboradores recibirán confidencialmente a orde de autorizar só aqueles vales que se presenten escritos en castelán ou inglés e denegar aqueles que figuren en calquera outra lingua. En función disto, as persoas con tarxeta recibirán ou non por parte da/do docente o recollido nos vales e irán ocupando os seus lugares habituais na clase, sen amosar o contido da súa tarxeta.</li> <li>• Unha vez autorizados e rexeitados todos os vales, a/o docente dividirá a aula por grupos ou non, en función do número do alumnado, e dará uns minutos para que tenten descubrir o contido das tarxetas e por que algunhas persoas o acadaron e outras non.</li> <li>• Unha vez descubertas as «normas de intercambio do mercado», a/o docente preguntará a cada alumna/o: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Como ou que sentiches ao recibir/denegar/autorizar/serche denegado o contido do teu vale?</li> <li>- Que figuras sociais do poder hexemónico representarían para ti a/o profesor e cada un/ha das colaboradoras?</li> <li>- Que figuras sociais representarían para ti aquelas/es compañeiros que acadaron ou non os contidos das súas tarxetas?</li> </ul> </li> <li>• Baseándose nas distintas respostas (que poderían ser escritas en función do tempo) comezarase un debate sociolingüístico.</li> <li>• De xeito optativo, á fin da sesión, sería interesante deseñar un póster con todas as tarxetas en que a lingua non sexa un parámetro para a súa colocación. Manter o póster pendurado na aula durante todo o curso.</li> </ul>
<p><b>Duración</b></p>	<p>Unha sesión.</p>
<p><b>Metodoloxía de traballo</b></p>	<p>Individual e en pequenos grupos ou aula completa.</p>
<p><b>Material</b></p>	<p>Tarxetas, cuño, rotulador, vales e premios, folla grande para o póster, cola ou fita adhesiva.</p>
<p><b>Avaliación</b></p>	<p>Autoavaliación en grupo e avaliación docente.</p>

## ACTIVIDADE 2. ENTREVISTA FAMILIAR

<b>Introdución</b>	Coñecer a realidade lingüística que latexa na historia do núcleo familiar do alumnado por el mesmo é un paso importante para a súa concienciación sociolingüística. En contextos multilingües, a transmisión familiar dunha(s) lingua(s) pode estar influída por ideoloxías lingüísticas. Para entendelas hai que ter en conta o contexto histórico e as expectativas que interpelan os falantes na relación entre lingua e progreso social. Recoñecer todos estes elementos, as súas orixes e causas é un bo exercicio para promover a concienciación sociolingüística do alumnado.
<b>Tarefa</b>	Realizar unha entrevista a diferentes membros da familia do alumnado sobre o uso, a transmisión lingüística e as actitudes lingüísticas para unha posterior posta en común.
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Recoñecer as ideoloxías e prexuízos lingüísticos da sociedade actual.</li> <li>• Coñecer parte da historia do conflito lingüístico de Galicia por medio do testemuño dalgunha e dalgún dos seus familiares.</li> <li>• Identificar os procesos de minoración lingüística e as súas consecuencias.</li> <li>• Reflexionar e elaborar propostas de actuación para contrarrestar a influencia das ideoloxías dominadoras e mais dos prexuízos lingüísticos en Galicia.</li> </ul>
<b>Curso</b>	ESO.
<b>Etapas</b>	<p><b>Sesión 1</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Elaboración dun guión común para a posterior entrevista e deseño dun formulario para recompilar un resumo dos datos.</li> <li>• Lectura da listaxe de preguntas, explicacións e propostas do alumnado.</li> </ul> <p><b>Fóra da aula</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Breve entrevista a cada un dos membros do fogar, incluídos avós e avoas.</li> <li>• Análise de aspectos relacionados cos prexuízos lingüísticos e coas ideoloxías lingüísticas.</li> </ul> <p><b>Sesión 2</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Posta en común das diferentes situacións familiares e das ideoloxías e prexuízos relacionados coas linguas.</li> <li>• Debate grupal sobre os resultados das entrevistas e reflexión sobre o noso papel con respecto ao presente e ao futuro do galego.</li> </ul>
<b>Duración</b>	Dúas sesións.
<b>Materiais</b>	Listaxe de preguntas posibles. Ex.: Que lingua falabas cando eras nova? Onde se falaba galego e onde castelán? Como era a escola cando eras nena? En que lingua coñeciches a túa parella? Que lingua lles falastes aos vosos fillos? Sempre falaches a mesma lingua? Que pensas da xente que cambia para unha lingua diferente da que aprenderon na casa? Recoméndase indagar nos porqués das respostas.
<b>Metodoloxía de traballo</b>	Traballo individual e en grupo.

## ACTIVIDADE 3. CUESTIÓN DE FAMILIA

<b>Introdución</b>	Os grupos interactivos son unha metodoloxía educativa que consiste na participación dunha persoa adulta do ámbito familiar como voluntaria para que favoreza as interaccións do alumnado en grupos de catro ou cinco alumnos e alumnas. Podemos aproveitar este tipo de metodoloxía e adaptala para abordar contidos e/ou realizar prácticas sobre sociolingüística das que poidan ser partícipes tamén as persoas adultas, a pesar de estaren dirixidas fundamentalmente ao alumnado. É o caso, por exemplo, dos prexuízos lingüísticos, con frecuencia fortemente instalados, tamén, no imaxinario cultural das familias ou no contexto máis próximo do estudiantado.
<b>Tarefa</b>	Participación nun grupo interactivo sobre sociolingüística
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Crear concienciación sociolingüística no alumnado e no seu contorno máis próximo.</li> <li>• Extrapolar as aprendizaxes escolares á comunidade lingüística.</li> <li>• Contribuír á normalización social da lingua con prácticas que permitan que tanto adolescentes como adultos cuestionen o seu rol con respecto ao futuro do galego.</li> </ul>
<b>Curso</b>	ESO.
<b>Etapas</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presentación da metodoloxía: que son e como se traballa nos grupos interactivos?</li> <li>• Formación de equipos heteroxéneos de catro ou cinco membros nos que se integre unha persoa externa.</li> <li>• Selección de actividades sociolingüísticas ligadas aos contidos curriculares sobre lingua e sociedade para realizar en pequeno grupo: é o galego unha perda de tempo? Por que non o damos falado ben? É o galego unha lingua imposta? É unha lingua bruta? É unha lingua minoritaria? Falar galego é de mala educación? Sería mellor falar inglés?</li> <li>• Elaboración de propostas para a erradicación dos prexuízos e ideoloxías discriminatorias.</li> </ul>
<b>Duración</b>	Sesións mensuais para que participe o maior número de persoas posíbeis.
<b>Materiais</b>	<p>Costas, Xosé Henrique (coord.) (2009). <i>55 mentiras sobre a lingua galega</i>. Ames: Laiovento.</p> <p>Núñez Singala, Manuel (2009). <i>En galego, por que non? Contra os prexuízos e as simplificacións sobre a lingua galega</i>. Vigo: Galaxia.</p>
<b>Metodoloxía de traballo</b>	Traballo en pequeno grupos e posta en común.

## ACTIVIDADE 4. A POLÍTICA LINGÜÍSTICA E A EDUCACIÓN

<b>Introdución</b>	A aprendizaxe na educación obrigatoria sobre os contidos sociolingüísticos a miúdo ten un carácter histórico e enciclopédico sobre os eventos que ocorreron no pasado e que conforman o presente. Mentres os debates máis actuais quedan desprazados nos contidos, estes danse con naturalidade entre os mozos e mozas como parte activa da sociedade. No caso das linguas no ensino obrigatorio, é evidente o descoñecemento sobre a regulación lingüística que se lles aplica, así como os debates que esta ten suscitado na sociedade. Esta desinformación aparece como unha sorte de proteccionismo que impide que o alumnado pense sobre os seus propios procesos educativos e que poidan expresar e entender os conflitos que estes xeran.
<b>Tarefa</b>	Lectura e discusión das medidas recollidas no Decreto 79/2010.
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Entender as implicacións da lexislación lingüística e das propostas de política lingüística sobre o proceso educativo do alumnado, isto é, a lingua na que se imparten as clases, a que eles deben usar etc.</li> <li>• Introducir os debates recentes sobre a organización educativa das linguas en Galicia.</li> <li>• Compartir as experiencias e as dificultades que supón a educación lingüística en función das diferentes situacións sociolingüísticas do alumnado.</li> <li>• Traballar a imaxinación científica propoñendo unha alternativa de política lingüística consensuada.</li> </ul>
<b>Curso</b>	4.º ESO e bacharelato.
<b>Etapas</b>	<p><b>Sesión 1</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Consulta entre o alumnado sobre que linguas usaron no pasado e cales usarán no futuro en determinadas materias co fin de evidenciar o descoñecemento sobre a regulación das linguas no ensino.</li> <li>• Lectura do texto legal evidenciando as consecuencias que ten no seu proceso de aprendizaxe.</li> </ul> <p><b>Sesión 2</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Debate sobre as diferentes posicións respecto da lexislación lingüística e da normalización do galego.</li> <li>• Creación dunha lexislación educativa que teña en conta a revitalización do galego e debater os seus puntos conflictivos.</li> </ul>
<b>Duración</b>	Dúas sesións.
<b>Materiais</b>	Decreto 79/2010 (DOG, 25 de maio de 2010).
<b>Metodoloxía de traballo</b>	Traballo en grupo.

## ACTIVIDADE 5. QUE SIGNIFICA SER NEOFALANTE?

<b>Introdución</b>	A situación sociolingüística de Galicia é indiscutibelmente unha situación manifesta de desigualdade. O galego esmorece nos usos non-formais e boa parte da poboación galegofalante tradicional está moi avellentada. Neste contexto, a emerxencia de neofalantes é fundamental se aspiramos a que a lingua se fale a finais do século XXI.
<b>Tarefa</b>	Problematizar a situación sociolingüística de Galicia situando o suxeito neofalante no centro da «solución».
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Analizar con datos estatísticos os cambios na distribución social das linguas en Galicia.</li> <li>· Reflexionar sobre o fondo potencial que existe na mocidade galega para reverter esa situación.</li> <li>· Coñecer os diferentes perfís, conxunturas e espazos de conversión que existen na Galicia actual.</li> </ul>
<b>Curso</b>	4º da ESO e bacharelato.
<b>Etapas</b>	<p><b>Sesión 1</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>· Presentación da situación sociolingüística de Galicia a través dos datos máis recentes situando historicamente os procesos de mantemento e de substitución lingüística.</li> <li>· Cada alumna/o debe pensar e escribir unha definición propia de que é para el/ela unha persoa neofalante.</li> <li>· Comentario do seguinte texto de Frías Conde (2006): E con isto chegamos a outro punto interesante que caracteriza os neofalantes. Por que unha persoa calquera, nun momento dado, tenta recuperar a lingua dun territorio, unha lingua rexional? As máis das veces, dita lingua foi lingua falada na súa mesma familia, mesmo os seus propios pais poden ser aínda falantes dese idioma (paleofalantes, por tanto). Ende ben, as razóns normais non son de índole familiar, senón políticas e culturais. Entre as primeiras, cómpre salientar a concepción do idioma rexional coma elemento fundamental identitario dun territorio; desta maneira, en determinados espazos e xeiras, a lingua é un elemento de reivindicación; daquela, o uso da lingua rexional é parte da militancia política. Honestamente, penso que esta motivación para o uso da lingua rexional acaba perdendo valor e non adoita callar na sociedade, non ten sucedido a partir dun determinado momento.</li> </ul> <p><b>Sesión 2</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>· Charla e diálogo cunha persoa neofalante convidada ao centro.</li> </ul>
<b>Duración</b>	Dúas sesións.
<b>Materiais</b>	Texto para o comentario.
<b>Metodoloxía de traballo</b>	Traballo individual e posta a punto grupal.

## ACTIVIDADE 6. SON UN/HA POTENCIAL NEOFALANTE?

<b>Introdución</b>	As aulas de Lingua galega e literatura constitúen o espazo privilexiado para crear as condicións que favorecen tanto a muda como a conversión lingüística. Mais, para iso, cómpre unha aposta por metodoloxías sustentadas no recoñecemento do alumnado castelanfalante como un suxeito fundamental para o futuro do idioma galego, superando as barreiras que caracterizan unha boa parte do predominante ensino de base dedutiva. Esta actividade abre algunhas das posibilidades deste cambio metodolóxico, ao centrarse na identificación tanto dos desafíos que tal transformación supón, como dos beneficios ligados a tratar eses desafíos con naturalidade, afastados das sancións académicas establecidas.
<b>Tarefa</b>	Conversa espontánea en galego e exploración empírica das principais dificultades lingüísticas.
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Visibilizar as diferentes variedades de galego na aula e na sociedade.</li> <li>• Identificar a través da práctica lingüística as principais fortalezas do alumnado no achegamento ao galego, así como as dificultades, lingüísticas e extralingüísticas, que llo impiden.</li> <li>• Partir da experiencia para realizar as explicacións prácticas e a reflexión metalingüística necesaria.</li> </ul>
<b>Curso</b>	ESO.
<b>Etapas</b>	<p><b>Sesión 1</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Introducción á igualdade e diversidade dos falantes do galego.</li> <li>• Visionado dun capítulo de <i>Sotaques</i>. Dispoñíbel na seguinte ligazón: <a href="https://www.youtube.com/watch?v=jPj237MrYbA">https://www.youtube.com/watch?v=jPj237MrYbA</a></li> <li>• Reflexión conxunta sobre os diferentes tipos de galego que coñecen e sobre a súa competencia lingüística.</li> </ul> <p><b>Fóra da aula:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Gravación dunha conversa espontánea en galego cunha persoa preferentemente neofalante do seu contexto.</li> <li>• Identificación das principais dificultades que percibe con respecto á súa competencia nesta lingua.</li> </ul> <p><b>Sesión 2</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Recompilación das principais cuestións comúns que dificultan o uso do galego, tanto lingüísticas como sociais.</li> <li>• Propostas de mellora da competencia lingüística partindo dos exemplos concretos.</li> </ul>
<b>Duración</b>	Dúas sesións.
<b>Materiais</b>	Audiovisuais, gravacións feitas fóra da aula.
<b>Metodoloxía de traballo</b>	Traballo individual e en grupo.

## ACTIVIDADE 7. DECLÁROME NEOFALANTE

<b>Introdución</b>	A muda constitúe un proceso polo cal un individuo reconfigura a súa práctica lingüística, as máis das veces, con obxectivos específicos e situacionais. Trátase dun cambio performativo, tal que a muda de roupa, que pode producir efectos no interlocutor. Por iso, estas mudas poden ser cuestionadas pola comunidade, por se afastar da actuación normal do individuo. Neste sentido, existe unha serie de estratexias que facilitan a súa lexitimación e que nos permiten anticiparnos ás diversas actitudes que o cambio da nosa práctica lingüística pode suscitar. Esta actividade trata dunha delas.
<b>Tarefa</b>	Elaboración e anuncio dun «contrato lingüístico».
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Lexitimar e estimular as mudas lingüísticas (re)galeguizadoras.</li> <li>• Facilitar o seu recoñecemento e anticipar os prexuízos negativos mediante o seu anuncio explícito.</li> <li>• Promover a reflexión sociolingüística na contorna do alumnado.</li> </ul>
<b>Curso</b>	ESO e bacharelato.
<b>Etapas</b>	<p><b>Sesión 1</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Presentación da muda lingüística con experiencias do alumnado.</li> <li>• Lectura do texto «Escoller non escoller», de <i>Sacar a lingua é de mala educación</i>, Manuel Núñez Singala (2017).</li> <li>• Rebumbio de ideas: que implica comprometerse a falar galego? Que contextos estarías disposto a galeguizar?</li> </ul> <p><b>Fóra da aula</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización do contrato lingüístico. Ex. <i>Eu, XXXX, desexo comunicarche que estou comprometido/a a falar galego en (contexto)/con (grupo) a partir de agora.</i></li> <li>• Publicación do contrato lingüístico nunha rede social.</li> </ul> <p><b>Sesión 2</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Reflexión posterior sobre as reaccións públicas aos contratos do alumnado.</li> </ul>
<b>Duración</b>	Dúas sesións.
<b>Materiais</b>	Texto de Núñez Singala.
<b>Metodoloxía de traballo</b>	Traballo en gran grupo e traballo individual.



## ACTIVIDADE 8. SON NEOFALANTE!

<b>Introdución</b>	A inmersión lingüística é a exposición intensiva a unha segunda lingua, que se fala de forma habitual na comunidade en que se vive, e ten como finalidade aprender esta de forma máis rápida e efectiva, isto é, intensificar a aprendizaxe lingüística para conseguir no menor tempo posíbel o máximo coñecemento e a maior capacidade comunicativa na lingua que se aprende. Nun contexto maioritariamente castelanfalante, a inmersión en lingua galega constitúe unha das principais estratexias para acadar a súa normalización e os contextos de inmersión poden constituír espazos facilitadores para a lexitimación do suxeito neofalante.
<b>Tarefa</b>	Converterse en galegofalante durante un período determinado de tempo.
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Visibilizar a diversidade das e dos neofalantes de galego.</li> <li>· Facilitar a través dunha práctica educativa a muda parcial ou a posíbel conversión lingüística do alumnado.</li> <li>· Mellorar a través da experiencia a competencia comunicativa tanto de quen só está realizando este experimento en tanto que actividade escolar, como de quen se decide a extrapolar esta acción fóra das aulas.</li> </ul>
<b>Curso</b>	ESO e bacharelato.
<b>Etapas</b>	<p><b>Sesión 1</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>· Presentación do tema: que é a inmersión lingüística?</li> <li>· Visionado de <i>SC. Atrévete a vivir a experiencia</i> dispoñíbel na seguinte ligazón: <a href="https://www.youtube.com/watch?v=AQuEy_8Hc3c">https://www.youtube.com/watch?v=AQuEy_8Hc3c</a>.</li> <li>· Lectura do texto «Instrucciones para empezar a hablar gallego» de <i>Made in Galiza</i>, Séchu Sende (2007).</li> <li>· Explicación da actividade: Son neofalante!</li> </ul> <p>Haberá que actuar como un auténtico neofalante durante un tempo determinado, isto é, motivado por unha elección consciente e voluntaria como resultado dun maior compromiso lingüístico co galego.</p> <p><b>Fóra da aula</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>· Recompilación das experiencias do alumnado por escrito e reflexión sobre as expectativas da conversión fronte á realidade.</li> </ul> <p><b>Sesión 2</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>· Posta en común das experiencias co resto do alumnado e procura de similitudes e diferenzas en función das nosas condicións sociolingüísticas.</li> </ul>
<b>Duración</b>	Dúas sesións na aula. A duración da conversión/muda lingüística pode determinarse polo nivel de compromiso e polo ciclo educativo no que se realice a actividade.
<b>Materiais</b>	Audiovisual; texto de Séchu Sende.
<b>Metodoloxía de traballo</b>	Traballo en gran grupo e traballo individual.



## ACTIVIDADE 9. CUESTIÓN DE COIDADADO(S)

<b>Introdución</b>	Facerse falante dunha nova lingua leva consigo unha sorte de autovixilancia cuxa finalidade é a mellora progresiva da competencia comunicativa nese idioma. Iso supón esmerarse nos coidados formais para avanzar na calidade e no recoñecemento social como falante lexítimo.
<b>Tarefa</b>	Reflexionar sobre a necesidade do coidado de calquera lingua.
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Promover melloras naqueles aspectos en que o modelo de lingua do alumnado presente interferencias e/ou deficiencias (léxico, fonética etc.).</li> <li>• Concienciar o alumnado galegofalante para que empregue un modelo lingüístico de calidade.</li> <li>• Sensibilizar o alumnado a respecto dunha práctica que para o resto das linguas que domina ten absolutamente normalizada.</li> </ul>
<b>Curso</b>	4.º ESO e bacharelato.
<b>Etapas</b>	<p><b>Sesión 1</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• O/a docente interpela o alumnado sobre os seus referentes lingüísticos en galego e sobre a necesidade de esmerarse ou non no coidado formal das linguas.</li> <li>• Lectura de «Eu aprendino así» de <i>Como falar e escribir en galego con corrección e fluidez</i> (2012) de Carlos Callón.</li> <li>• Proposta para traballar os coidados da lingua.</li> <li>• Exemplos de diferentes escenarios cotiás posíbeis en que realizar esta práctica:             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Consumir na cafetería.</li> <li>- Facer unha devolución.</li> <li>- Realizar unha consulta telefónica.</li> <li>- Participar nunha rede social.</li> <li>- Realizar unha inscrición nunha actividade.</li> </ul> </li> </ul> <p><b>Sesión 2</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Reflexión grupal sobre as distintas experiencias do alumnado:             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Debate final: Que é un modelo lingüístico de calidade?</li> </ul> </li> </ul>
<b>Duración</b>	Dúas sesións.
<b>Materiais</b>	Texto de Carlos Callón.
<b>Metodoloxía de traballo</b>	Traballo grupal.

## ACTIVIDADE 10. NEOCHAT: GRUPO DE MENSAXARÍA INSTANTÁNEA

<b>Introdución</b>	Nos últimos tempos estamos sendo testemuñas dunha revolución tecnolóxica sen precedentes, que mudou de forma irrefutábel os nosos hábitos de vida. Estas mudanzas foron especialmente transcendentais no ámbito da comunicación electrónica ao permitir que as persoas puidesen interaxir con independencia das limitacións xeográficas e horarias que as puideren afastar. Nesta liña, os grupos de mensaxaría instantánea constitúen un foro aínda pouco explorado e cun enorme potencial no proceso de ensino-aprendizaxe, na medida en que contribúen tanto para a adquisición de contidos como para que o alumnado vexa que as aulas de lingua reflicten tamén o que os falantes fan co idioma fóra delas, e tamén para aumentar a motivación e implicación na materia.
<b>Tarefa</b>	Creación e participación activa nun grupo de chat en lingua galega.
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Favorecer o uso do galego entre a mocidade a través da tecnoloxía.</li> <li>• Mellorar a competencia en lingua galega do alumnado.</li> <li>• Fomentar unha aprendizaxe sociolingüística que transcenda o horario lectivo.</li> <li>• Contribuír para as relacións sociais entre pares arredor do neofalantismo.</li> </ul>
<b>Curso</b>	4.º ESO e bacharelato.
<b>Etapas</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presentación do grupo de mensaxaría instantánea.</li> <li>• Rebumbio de ideas para poñerlle nome ao grupo.</li> <li>• Creación do grupo.</li> <li>• Instrucións para a participación: a única lingua vehicular será a galega.</li> <li>• Participación no grupo.</li> <li>• Posta en común final sobre as potencialidades do grupo.</li> </ul>
<b>Duración</b>	Unha sesión na aula. O ideal é presentar o grupo de mensaxaría no inicio da materia e mantelo durante todo o curso académico, con ritmos e intensidades que necesariamente serán variábeis.
<b>Materiais</b>	Aplicación de mensaxaría.
<b>Metodoloxía de traballo</b>	Traballo individual e traballo en grupo.



## ACTIVIDADE 11. NEOPARELLAS: VOLUNTARIADO LINGÜÍSTICO

<b>Introdución</b>	O voluntariado lingüístico é unha experiencia que permite o coñecemento e a difusión das linguas. No caso do galego, o voluntariado pode estar dirixido tanto a persoas galegofalantes como a todas aquelas que quixeren adquirir ou ampliar os seus coñecementos do idioma. Este tipo de experiencias adoitan funcionar baixo o formato de parellas, ben entre persoas que queren ser galegofalantes, ben entre unha castelanfalante e unha galegofalante. Constitúe unha iniciativa de integración e dinamización lingüística –e mesmo cultural–, e un espazo propicio para o neofalantismo.
<b>Tarefa</b>	Creación dun programa de voluntariado lingüístico.
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fomentar a mobilización e o aumento do uso da lingua galega entre pares.</li> <li>• Favorecer a ampliación de coñecementos sobre a lingua galega.</li> <li>• Contribuír para dinamizar a lingua galega entre a mocidade.</li> <li>• Crear espazos extraescolares propicios para o neofalantismo.</li> </ul>
<b>Curso</b>	ESO e bacharelato.
<b>Etapas</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presentación do tema: Que é o voluntariado lingüístico?</li> <li>• Explicación da iniciativa «Neoparellas».</li> <li>• Inscripción do alumnado no proxecto de voluntariado: achegaranse datos persoais, nivel educativo e dispoñibilidade horaria.</li> <li>• Formación das parellas lingüísticas: se as persoas integrantes son ambas neofalantes, fomentárase que ambas pertencen ao mesmo nivel educativo ou niveis próximos.</li> <li>• Posta en común final sobre a experiencia entre todos os participantes.</li> </ul>
<b>Duración</b>	Unha sesión na aula. O ideal é presentar o proxecto no inicio dun trimestre e que a actividade se realice até a fin deste. Os encontros entre as neoparellas poderían ter unha duración semanal dunha hora e o número ideal de xuntanzas sería de dúas semanais, se ben dependerá da dispoñibilidade horaria dos participantes.
<b>Metodoloxía de traballo</b>	Traballo en parellas.



## ACTIVIDADE 12. FALADOIROS

<b>Introdución</b>	<p>Os grupos de debate constitúen unha ferramenta óptima para estimular a concienciación sociolingüística da mocidade (tamén da sociedade no seu conxunto), porque durante o seu tempo de duración han xurdir algunhas das ideoloxías sociolingüísticas latentes nesta por medio das prácticas discursivas dos seus membros.</p> <p>A pertinencia da posta en práctica desta clase de actividades sociolingüísticas é urxente, xa non tan só na docencia, senón tamén coa implicación doutros ámbitos (asociacións culturais, de veciñanza, familia, colectivos de migrantes, sindicatos, forzas de seguridade etc.) coa finalidade de mobilizar a sociedade para promover melloras.</p> <p>É recomendábel que os equipos de dinamización lingüística dos centros sexan os axentes que dinamicen estes faladoiros.</p>
<b>Tarefa</b>	Convocar e realizar grupos de debate sociolingüístico desde unha focaxe crítica.
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Estimular e promover a reflexión crítica e a iniciativa discursiva pública no alumnado.</li> <li>• Promover a concienciación sociolingüística no grupo.</li> <li>• Estimular e promover a emancipación persoal e social do alumnado por medio da intervención discursiva.</li> <li>• Perfeccionar a oratoria do alumnado.</li> </ul>
<b>Curso</b>	4.º da ESO e bacharelato.
<b>Etapas</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Explicación por parte do moderador do que é un grupo de debate.</li> <li>• Convocatoria das e os participantes (ANPA, docentes, alumnado en función das posibilidades).</li> <li>• Realización do grupo de debate.</li> <li>• Posterior análise e revisión grupal do resultado, tanto emocional como ideolóxica.</li> </ul>
<b>Duración</b>	Unha sesión na aula. Sesións mensuais.
<b>Materiais</b>	Propostas temáticas: saídas profesionais da lingua galega, o temor a falar unha nova lingua, a incipiente homoxeneización lingüística e a utilidade das linguas, o consenso e o conflito lingüístico, a igualdade e a equidade de todas as linguas, o status do galego e do castelán etc.
<b>Metodoloxía de traballo</b>	Traballo en grupo.

## ACTIVIDADE 13.

### AVALIACIÓN E CREACIÓN DE ACTIVIDADES DIDÁCTICAS

<b>Introdución</b>	Esta guía sobre a promoción do neofalantismo no sistema educativo é un proxecto que nace da vontade de establecer un diálogo entre o espazo universitario e o ensino secundario. Quen escribe é consciente de que a realidade do sistema educativo está lonxe de ser a ideal para a introdución de máis contidos no currículo educativo. Porén, sabemos que moitas das cuestións que aquí propoñemos están sendo levadas a cabo, con ritmos e intensidades diferentes, por moitas e moitos docentes de lingua galega. Con esta actividade, dirixida fundamentalmente ao profesorado, queremos convidar as e os docentes a avaliar, xunto co seu alumnado, as actividades aquí propostas, así como animar á creación doutras novas e á súa difusión.
<b>Tarefa</b>	Avaliación e creación de novas actividades para a dinamización do neofalantismo na docencia de lingua galega.
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Avaliar a proposta desta guía docente.</li> <li>· Crear ou modificar as actividades propostas.</li> <li>· Difundir os resultados da avaliación e da creación e modificación de novas actividades.</li> </ul>
<b>Curso</b>	ESO e bacharelato.
<b>Etapas</b>	<p><b>Na aula</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>· Barullo de ideas sobre propostas para favorecer o uso do galego entre a mocidade.</li> <li>· Avaliación das actividades realizadas durante o curso, identificando os puntos fortes e os puntos débiles.</li> <li>· Reflexión conxunta sobre a transformación lingüística ao longo do curso.</li> </ul> <p><b>Fóra da aula</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>· Modificación ou elaboración de propostas didácticas para o fomento do neofalantismo no sistema educativo.</li> <li>· Difusión a través do espazo virtual do centro educativo.</li> </ul>
<b>Duración</b>	Unha sesión na aula. Idealmente, estará situada no final do curso a fin de dar peche ás actividades de promoción do neofalantismo e de comprobar os seus resultados.
<b>Actores implicados</b>	Profesorado de Lingua galega e literatura e equipos de dinamización lingüística.
<b>Metodoloxía de traballo</b>	Traballo co alumnado en grupo e traballo individual do ou da docente.



## GLOSARIO

### **Conversión lingüística**

Proceso que reflicte a transformación lingüística radical dunha persoa castelanfalante que decide facerse falante activa e mesmo exclusiva de galego. É un proceso que caracteriza o neofalante na Galicia actual. Se ben a conversión non pode ser planificada, si se poden deseñar estratexias de concienciación lingüística e de lexitimación do cambio de lingua que faciliten este proceso de emancipación lingüística.

### **Dereitos lingüísticos**

Normas que obrigan as diferentes institucións e organismos a establecer os mecanismos necesarios para garantir o recoñecemento, a protección e a promoción das linguas e dos seus falantes.

### **Ecolingüística**

Perspectiva lingüística que asume que as linguas forman parte das diferentes interaccións que se manifestan no ecosistema do medio. As linguas estúdanse nunha dimensión das relacións sociais, cognitivas e naturais que están suxeitas a cambios e/ou variacións co paso do tempo, como ocorre cos seres vivos dos ecosistemas.

### **Mercantilización das linguas**

Todas as linguas «vivas» definen a súa vitalidade polo seu valor de uso, isto é, pola relevancia que a súa posta en práctica ten no día a día das persoas. Alén diso, tamén o valor de cambio é un padrón que rexe os intercambios lingüísticos desde unha óptica fetichista, como acontece con moitas mercadorías. A lingua convértese en algo que se intercambia de seu, non para producir comunicación, senón para situar as persoas nun ou noutro status en función do seu «capital lingüístico».

### **Minoración sociolingüística**

Proceso polo que unha lingua sofre unha forte estigmatización social, política e cultural cuxa principal consecuencia é que a poboación que sempre a falou comece progresivamente a abandonala ou, cando menos, a compartir os seus espazos de uso con outra(s) lingua(s). Nomeadamente estamos ante procesos políticos conscientes, planificados e cuxas consecuencias poden rematar coa desaparición da lingua.

### **Muda lingüística**

Fase da transformación da subxectividade lingüística que opera nunha persoa castelanfalante que decide incorporar o galego no seu repertorio lingüístico de maneira activa, especialmente nuns determinados espazos e contextos, sen que chegue a desprazar a súa lingua inicial a un segundo plano, como si acontece na conversión lingüística.

### **Neofalante**

Todo falante de castelán que, despois dun proceso de aprendizaxe, decide converterse en falante activo/a de galego, mobilizando esta lingua nun proceso progresivo que adoita rematar cun monolingüismo consistente, consciente e exemplificador para a súa contorna.

### **Neofalantismo**

Acontecemento sociopolítico que ten lugar na Galicia contemporánea e que consiste en crear as condicións estruturais e o seu desenvolvemento social que facilitan, promoven e «regulan» novas formas de subxectividade lingüística entre a poboación máis concienciada sobre os perigos polos que transita o galego nesta altura do século XXI.

### **Plurilingüismo**

Ampliación da diversidade lingüística a nivel do individuo. Dise que unha persoa é plurilingüe cando é quen de se expresar en máis dunha lingua. Este termo adoita aparecer xunto a outro cun significado similar, pero que pon o foco no aspecto macrosocial: o multilingüismo. Este consiste na ampla convivencia de dúas ou máis linguas nunha sociedade, comunidade, grupo ou colectivo. Normalmente, unha boa parte da poboación pertencente a calquera das dimensións mencionadas domina máis dunha lingua, pero adoita haber persoas estritamente monolingües.

### Prexuízo lingüístico

Como suxeitos lingüísticos estamos permanentemente expostos á valoración subxectiva dos outros. Trátase, en consecuencia, de saberes populares sobre a linguaxe, as linguas e, en definitiva, sobre os falantes que caracterizan todas as sociedades humanas. Poden ter orixe nunha experiencia persoal, mais en ningún caso deben ser extrapolábeis ao conxunto das persoas que comparten ese nicho experiencial. Adoitan constituír un dos principais baluartes da ignorancia, con consecuencias sociais, psicolóxicas, económicas, educativas etc. Mesmo acadan o status de racialización lingüística.

### Sociolingüística crítica

O saber historicamente situado sobre as linguas e as súas variedades en sociedade constitúe unha necesidade irrenunciábel para toda a poboación, nomeadamente entre a mocidade. Máis aló da relevante descrición da variación lingüística por xénero, idade, lugar de nacemento etc. cómpre unha análise política da linguaxe, que teña en conta as condicións nas que as linguas e os seus falantes desenvolven o seu día a día, incluída a concienciación de como desde os mecanismos de poder se exerce un claro control sustentado no dominio e, con frecuencia, na manipulación lingüística da sociedade.

### Substitución lingüística

Cando os cambios históricos de longo percorrido favorecen que dúas comunidades lingüísticas entren en contacto desde unha consideración conflitiva, sostida na distribución diferencial do acceso aos recursos económicos, educativos, sociais, culturais etc.; con moita frecuencia, a lingua da comunidade allea, ligada ás estruturas de poder, adoita desprazar dos espazos públicos a outra, chegando, nos casos máis graves, á súa completa desaparición.

### Transmisión lingüística

As linguas adquirense e apréndense en institucións e en espazos moi diversos, sendo a contorna familiar e o sistema educativo os dous máis salientábeis. No primeiro caso, estamos ante un proceso *interxeracional*, no que se constata unha reprodución dunha xeración á seguinte. No segundo caso, falamos de transmisión *intraxeracional* porque esa aprendizaxe se produce e fortalece cos grupos de pares cos que se comparten os espazos educativos. En condicións normais, a transmisión interxeracional é a mellor garantía para o mantemento dun idioma, mais, cando se dan procesos de minoración sociolingüística, non adoita ser suficiente.






## BIBLIOGRAFÍA

- Fernández Zas, María (2019). «A emerxencia do neofalantismo como concepto sociolingüístico relevante: Estado da arte na Galiza». *Revista Galega de Filoloxía*, 20, 67-89.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2014). «Lingua oral. Calidade da lingua e futuro do galego». En Sánchez-Rei, Xosé Manuel (ed.). *Modelos de lingua e compromiso*. A Coruña: Baía Edicións, 13-84.
- Kováčová-Moman, Vlasta (2007). *Mudança da língua usual nos novos locutores de galego – neofalantes*. Santiago de Compostela: GZe-editora.
- López Alonso, Luís (2020). «O neofalantismo no ensino secundario: un espazo sen lexitimar». *Revista Galega de Filoloxía*, 21, 35-70.
- Mosquera Castro, Estefanía (2019). «Travestismo lingüístico: una experiencia sociológica y didáctica sobre ideologías, obstáculos y persistencias en neofalantes de gallego». En Ramallo, Fernando; Amorrortu, Estibaliz e Puigdevall, Maite (eds.). *Neohablantes de lenguas minorizadas en el Estado español*. Madrid: Iberoamericana Vervuert, 131-146.
- Padín, Paulo (2019). «Neofalantes online». En Ramallo, Fernando; Amorrortu, Estibaliz e Puigdevall, Maite (eds.). *Neohablantes de lenguas minorizadas en el Estado español*. Madrid: Iberoamericana Vervuert, 147-163.
- Ramallo, Fernando (2013). «Neofalantismo». En Gugenberger, Eva; Monteagudo, Henrique e Rei-Doval, Gabriel (eds.). *Contacto de linguas, hibrididade, cambio: contextos, procesos e consecuencias*. Compostela: Consello da Cultura Galega, Instituto da Lingua Galega, 245-258.
- Ramallo, Fernando (2018). «A Galicia neofalante». *A Trabe de Ouro*, 111, 69-76.
- Ramallo, Fernando; Amorrortu, Estibaliz e Puigdevall, Maite (eds.) (2019). *Neohablantes de lenguas minorizadas en el Estado español*. Madrid: Iberoamericana Vervuert.
- Tomé Lourido, Gisela e Evans, Bronwen G. (2017). «Os neofalantes galegos no contexto europeo: a produción e a percepción da fala». En Regueira, Xosé Luís e Fernández Rei, Elisa (eds.). *Estudos sobre o cambio lingüístico no galego actual*. Santiago: Consello da Cultura Galega, 99-127.





# EN GALEGO!

*Investigación e divulgación científica*

*Bla bla-gal  
Bla bla-gal  
Bla bla-gal*



Área de Normalización Lingüística  
Universidade de Vigo

